

## BANDO INFORMATIVO

# PROGRAMA DE TERMALISMO DO IMSERSO 2021

**LUIS REY VILLAVERDE, ALCALDE do Concello de Oroso**

**INFORMA** da apertura do prazo de presentación de solicitudes de participación no Programa de Termalismo para pensionistas do IMSERSO 2021 (BOE nº 208 do 31-08-2021).

**CONTIDO:** Estancias en balnearios para tratamentos termais básicos, con aloxamento e manutención en réxime de pensión completa e habitacións dobres de uso compartido.

**PRAZAS E QUENDAS OFERTADAS:**

Convócanse 57.565 prazas para participar no Programa, a desenvolver nas quendas e balnearios relacionados no Anexo I da convocatoria. O tipo de tratamento a impartir por cada balneario especifícase no citado Anexo I.

As quendas poderán ter unha duración de 12 días (once pernотas) ou de 10 días (nove pernотas), en réxime de pensión completa, que comprenderán desde as doce horas do día de chegada ata as doce horas do día de saída. O programa desenvolverase no período comprendido entre o mes de outubro e o mes de decembro de 2021.

**REQUISITOS DAS PERSOAS USUARIAS:**

Poderán participar no Programa de Termalismo as persoas residentes en España que reúnan algún dos seguintes requisitos:

- a) Ser pensionista de xubilación ou incapacidade permanente do Sistema de Seguridade Social español.
- b) Ser pensionista de viudedade con cincuenta e cinco ou máis anos de idade do Sistema de Seguridade Social español.
- c) Ser pensionista por outros conceptos ou perceptor das prestacións ou subsidios de desemprego, con sesenta ou máis anos de idade do Sistema de Seguridade Social español.
- d) Ser persoa asegurada ou beneficiaria do Sistema da Seguridade Social español, con sesenta e cinco ou máis anos de idade.

As persoas usuarias de praza deben poder valerse por si mesmas para realizar as actividades básicas da vida diaria (ABVD), necesitar os tratamentos termais solicitados e carecer de contraindicación médica para a recepción dos mesmos.

Igualmente poderán participar as persoas de nacionalidade española que residan no estranxeiro que cumpran os requisitos expostos no artigo 3.3. da convocatoria. Tamén poderán ser persoas adxudicatarias das prazas, como acompañante, o cónxuxe ou parella de feito, sen necesidade de que estes reúnan os requisitos esixidos no artigo 3.2. sempre que poidan valerse por si mesmas. Así mesmo, poderán ser adxudicatarias os/as fillos/as con discapacidade en grao igual ou superior ao 45%, sempre que disfruten a quenda con seus país e se aloxen na mesma habitación.

**PRAZO DE PRESENTACIÓN:** ata o 1 de outubro de 2021

**MÁIS INFORMACIÓN:** Departamento de Servizos Sociais do Concello, rúa do Deporte 5-7 baixo, Sigüeiro, Oroso. CITA PREVIA no teléfono 981 688 956.

O Alcalde, Luis Rey Villaverde.  
Oroso, 2 de setembro de 2021

